

As migracións circulares como resposta ao desenvolvemento

O caso dos desprazamentos entre Bolivia e España

O obxectivo deste seminario é crear un espazo de análise e reflexión sobre as políticas públicas europeas e españolas destinadas á regulación dos fluxos migratorios e a súa influencia sobre os movementos de retorno das poboacións inmigradas.

Penetrándonos no caso específico da poboación boliviana que residiu en España, o debate dirixirase cara á influencia das migracións sobre a mobilidade social e laboral dos seus protagonistas unha vez que estes retornan aos seus lugares de orixe. A intención é definir a capacidade dos desprazamentos poboacionais na promoción do desenvolvemento nun ámbito transnacional (tanto nas localidades de partida como de chegada).

As modificacións nos status social e laboral mediranse desde unha perspectiva de xénero a través dos seguintes eixes: a formación de empresas nas sociedades de partida, o investimento na comunidade de orixe, os elementos de distinción simbólica que estas comunidades ofrecen ás persoas migrantes e a recomposición dos roles de xénero no interior dos fogares das persoas retornadas.

Tomarase como unidade analítica o concepto de “migracións circulares” (entendidas como movementos poblacionais flexibles que se desenvolven entre os países de saída e de chegada) para aprofundar no xeito na que se utilizan, estenden e establecen as conexións sociais e económicas entre ambos ámbitos espaciais e a forma nas que estas prácticas inciden no codesenvolvemento.

PROGRAMA

9:30 a 10:00hs:
PRESENTACIÓN.

Antonio Izquierdo Escribano (Catedrático de Socioloxía, ESOMI-UDC)

Obdulia Taboadela Álvarez (Profesora Titular de Socioloxía, ESOMI-UDC)

10:00 a 11:30hs:
EVOLUCIÓN NAS DIRECCIÓNS DOS FLUXOS MIGRATORIOS INTERNACIONAIS E NOVAS FÓRMULAS DE XESTIÓN POLÍTICA.

Diego López de Lera: “A reversibilidade do retorno migratorio. España 2012” (Profesor Titular de Socioloxía, ESOMI-UDC).

Miguel Pajares Alonso: “Migracións de retorno en contextos de crecemento e de recesión económica” (Profesor, Universidad de Barcelona, Doctor en Antropoloxía Social.).

Ana López Sala: “Mecanismos de contratación en orixe e circularidade migratoria na xestión política das migracións a España” (Científica Titular no Instituto de Economía, Geografía y Demografía do CSIC)

Moderadora: Raquel Martínez Buján (Profesora Contratada Doutora, ESOMI-UDC)

11:30 a 12:00hs: Pausa Café

12:00 a 13:30hs:
O CASO DOS DESPRAZAMENTOS DO COLECTIVO BOLIVIANO. EMIGRACIÓN, CIRCULARIDADE, REEMIGRACIÓN E RETORNO.

Tanja Bastia: “Desigualdades, migración e poder: visións dende unha cidade boliviana” (Investigadora, Institute for Development Policy and Management- University of Manchester)

Sonia Parella Rubio: “A intención de retorno dos migrantes bolivianos residentes en Barcelona nun contexto de crise económica” (Profesora Titular da Universidad Autónoma de Barcelona)

Moderadora: María Villares Varela (Investigadora, International Migration Institute, University of Oxford)

13:30 a 15:30 hs: Pausa Comida

15:30 a 17:30hs:
MOTIVACIÓNS PARA O RETORNO: IMPACTO DAS POLÍTICAS E ESTRATEXIAS DE INSERCIÓN SOCIO-LABORAL.

Raquel Martínez Buján (Profesora Contratada Doutora, UDC) e María Villares Varela (Investigadora, International Migration Institute, University of Oxford): “Migración de retorno reproductivo e productivo: o caso dos migrantes a España en Cochabamba-Bolivia”.

Virginia Fuentes Rodríguez (Becaria Predoutoral, Universidad de Jaén) e María José Oomen (Becaria Predoutoral, University of Maastricht): “Me regresé”. Experiencias de retorno de mulleres bolivianas: cambios, acomodacións e reestructuracións”.

María Luz Valdivia: “Retorno Voluntario e Desenvolvemento Productivo España-Bolivia” (Asociación ACOBE de Cooperación Bolivia-España)

Moderadora: Antía Pérez Caramés (Profesora Contratada Doutora, ESOMI-UDC).